

APROXIMACIÓN AO XENOCIDIO DO POBO PALESTINO



Propostas didácticas

Duarte Correa Piñeiro



O xenocidio do pobo palestino

O ensino ten que estar inmerso na realidade social, e por iso o estudo da contorna e o tratamento daqueles feitos importantes que se están desenvolvendo no momento actual deben ser introducidos no traballo docente. Desde hai dous anos a traxedia do pobo palestino está de triste actualidade, ese feito lévanos a ofrecerlle ao profesorado unha pequena proposta didáctica que permita dar a coñecer, afastándose da propaganda, o que por parte da Comisión Internacional Independente de Investigación sobre o Territorio Palestino Ocupado, dependente do Consello de dereitos Humanos das Nacións Unidas, foi cualificado xa como un xenocidio

XUSTIFICACIÓN

A lexislación educativa en vigor outorga relevancia a todo o relacionado co fomento do espírito crítico, da educación en valores e da educación para a paz e a non violencia. En concreto, os Decretos que ordenan as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato en Galiza inclúen múltiples referencias en diversas materias aos dereitos humanos, aos dereitos dos pobos, aos xenocidios, aos crimes contra a humanidade e á necesidade de tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado por moitos conflitos que se teñen producido e se producen na Idade Contemporánea. Esa mesma normativa inclúe como elemento transversal nas distintas áreas de coñecemento a aprendizaxe na prevención e resolución pacífica de conflitos, en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito. Nestas normas indícase ademais que a programación docente debe abranguer en todo caso a prevención entre outras da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu e doutros xenocidios e crimes contra a humanidade como feitos históricos.

Tendo en conta todo o anterior, e partindo de que un dos mellores métodos para poder inculcar no alumnado o espírito crítico é analizar a realidade, consideramos que é moi importante poder introducir no noso traballo un feito histórico que se está desenvolvendo neste momento pero que ten as súas causas en feitos acontecidos hai xa moitas décadas. Por iso, poñemos a disposición dos e das docentes diverso material, que lle permitirá traballar na aula sobre a realidade actual de Gaza e do conxunto de Palestina.

CRONOLOXIA¹

Para podermos comprender a actual situación en Gaza e no conxunto de territorios palestinos, debemos ter en conta diversos feitos que a seguir mencionamos.

1. A finais do século XIX, nace o movemento sionista da man do xornalista de relixión xudía Theodor Herzl, un movemento que reivindica o dereito dos xudeos a contar cun territorio propio. Este movemento fai unha identificación directa da actual relixión xudía cun pobo existente en Oriente Medio hai máis de 2000 anos.
2. Conversión do Sionismo nun movemento internacional, a Organización Sionista Mundial, creada en Basilea tras a celebración do primeiro Congreso Sionista en 1897.
3. Busca de diversas localizacións para ese estado xudío.
4. Declaración de Balfour, en 1917. Esta supuxo o primeiro apoio, por parte do Reino Unido, á creación dun "fogar xudeu en Palestina".
5. Inicio da emigración de grupos de xudíos a Palestina, co apoio do Reino Unido, o que provocou levantamentos no territorio palestino, daquela baixo dominio colonial británico.
6. Holocausto cometido polo réxime nazi.
7. Inicio do terrorismo sionista.
8. Resolución 181 da ONU en 1947 de crear dous estados en Palestina.
9. Creación do estado de Israel de xeito unilateral, 14 de maio de 1948.
10. En 1948, en Palestina viven 1,2 millóns de persoas. Inicio da Nakba: 750.000 persoas obrigadas a abandonar Palestina, 418 aldeas destruídas, 15.000 persoas palestinas asasinadas.
11. Inicio das chamadas guerras árabe-israelís, e creación de grupos armados palestinos, algúns deles con prácticas terroristas.
12. En 1964 créase a organización de Liberación de Palestina-OLP.
13. Desde 1967 hai un avance de Israel, ocupando territorio por medio de asentamentos de colonos, na maioría dos casos previa expulsión dos habitantes palestinos dos mesmos, en tres zonas, Cisjordania, Xerusalén este e os Altos do Golán (Siria).
14. En 1987 prodúcese a Primeira Intifada, caracterizada por accións pacíficas de desobediencia e enfrontamentos armados. Ese mesmo ano créase Hamás.
15. No ano 1993 teñen lugar os Acordos de Oslo entre Israel e a OLP para crear un autogoberno palestino.
16. En 2006 lévanse a cabo eleccións en Gaza con vitoria de Hamás.
17. En 2007 prodúcese o Bloqueo de Gaza por parte de Israel e inicio de ataques a gran escala contra a poboación gazatí.
18. O 7 de outubro de 2023 ten lugar o ataque de Hamás e doutros grupos palestinos en territorio israelí, con máis de 1000 mortes.
19. O 28 de outubro de 2023 iníciase a actual fase de ataques de Israel.

¹ Este resumo pode ser ampliado na súa totalidade ou nalgúns dos acontecementos sinalados, en función de que se estea traballando o tema no seu conxunto ou buscando afondar nalgún aspecto ou momento concreto.

Proposta de actividades

Previo ás actividades introdúcese o tema cun pequeno percorrido histórico que pode ser apoiado de material audiovisual incluído nesta proposta didáctica máis abaixo de xeito que incentivemos a curiosidade do alumnado.

ACTIVIDADE 1

Franxa de Gaza: 365km² e 2 047 969 hab.

Cisjordania: 5.860 km² e 2,949,246 hab.

Comparación da superficie e poboación de Gaza e Cisjordania, e cálculo de cantas poboación tería a cidade ou vila na que vive o alumnado, caso de contar coa densidade poboacional que teñen os dous territorios palestinos. Reflexión sobre que cambios se producirían no seu modo de vida.

ACTIVIDADE 2

Investigación sobre:

1. Que é o movemento sionista.
2. Cales son os pobos de orixe semita.
3. Cal é a orixe dos habitantes do actual estado de Israel.
4. Como debemos cualificar as persoas xudías, cristiás e musulmanas, como persoas dunha determinada confesión relixiosa ou dunha etnia?

ACTIVIDADE 3

A Declaración Balfour considérase o primeiro documento que apoia a creación dun “fogar xudeu en Palestina”. Este é o texto:

2 de novembro de 1917

Estimado Lord Rothschild:

Teño sumo pracer en comunicarlle en nome do Goberno da súa Maxestade, a seguinte declaración de simpatía coas aspiracións xudías sionistas, declaración que foi sometida á consideración do gabinete e aprobada polo mesmo:

«O Goberno da súa Maxestade contempla con simpatía o establecemento en Palestina dun fogar nacional para o pobo xudeu e empregará os seus mellores esforzos para facilitar o cumprimento deste obxectivo, quedando claramente entendido que non se fará nada que poida prexudicar os dereitos civís e relixiosos das comunidades non-xudías existentes en Palestina, ou os dereitos e status político de que gozan os xudeus en calquera outro país.»
Agradecereille que leve esta declaración a coñecemento da Federación Sionista.

Seu Arthur James Balfour

1. Investigación sobre cal era a realidade política, social e poboacional de Palestina en 1917.
2. Quen é o autor da declaración?
3. Analiza o contido da declaración, e compara o que se di nela coa situación actual en Palestina.

ACTIVIDADE 4

Realización dun pod-cast sobre como é a vida en Gaza, e a vida de unha persoa que vivindo en Gaza debe ir todos os días a Israel a traballar.

ACTIVIDADE 4

Traballo de investigación sobre os distintos muros existentes na actualidade no planeta, onde están e obxectivos que que buscaban quen decidiron a súa construción.

ACTIVIDADE 5

Rusia invadiu Ucraína en febreiro de 2022, dando inicio a unha guerra entre os dous estados. A Unión Europea impúxolle importantes sancións económicas e políticas a Rusia co obxectivo de forzar o fin da guerra. Os e as deportistas de Rusia teñen prohibido desde ese momento poder participar en calquera competición deportiva internacional e Rusia ten ademais prohibido participar no festival da canción de Eurovisión.

Investigación sobre as sancións impostas pola Unión Europea e outros organismos internacionais a Israel, realización dunha táboa comparativa e elaboración de conclusións.

ACTIVIDADE 6

Cun mapa no que apareza o avance dos asentamento de xudeus seguindo o chamamento do movemento sionista comparar a realidade poboacional e a súa evolución. O mapa pode atoparse facilmente en internet (neste enlace aparece un como ilustración a un interesante artigo <https://diplomatieque.org.br/al-nakba-criacao-israel-catastrofe-palestina/>)

ACTIVIDADE 7

O obxectivo é reflexionar sobre a importancia estratéxica e económica de Oriente Medio e de Gaza en particular, para iso procederase a un traballo guiado de investigación, tendo en conta os seguintes elementos que deben ser indicados ao alumnado, para que partindo dos mesmos poida atopar os datos que permitan esa reflexión.

- Importancia económica do Canal de Suez
- Problemática producida no tráfico marítimo internacional polo encallamento do porta-contedores Ever Given no canal de Suez.
- Proxecto do canal Ben Gurion
- Xacementos gasísticos no mar de Gaza.

Materiais de apoio

MATERIAL AUDIOVISUAL DE APOIO

Israel e Palestina entre 1897 e 1967

https://www.youtube.com/watch?v=hT_JQINYYNg

Palestina libre / Non nos renderemos (HD)

<https://www.youtube.com/watch?v=q3GgQKb7M7I>

Película urxente por Palestina (galego)

<https://www.youtube.com/watch?v=4p7h65NN1CM>

Dez películas, series e documentais para pensar o conflito palestino-israelí

<https://www.rtve.es/noticias/20231015/peliculas-series-documentales-israel-palestina/2457968.shtml>

Testemuñas desde Palestina

<https://tv.uvigo.es/video/67376cde7af679044b057522>

O muro de Xerusalén que desde hai 20 anos encerra a miles de palestinos

<https://www.youtube.com/watch?v=JDqJfhthM9o>

ISRAEL - PALESTINA: a ocupación dos colonos en Cisjordania

<https://www.youtube.com/watch?v=ASgIxZe6L4I>

OUTRO MATERIAL DE APOIO

- Calquera manual de historia contemporánea de 4º de Eso ou 1º de Bacharelato, nos apartados referidos á descolonización, o mundo islámico ou o conflito árabe-israelí.
- GOULAO, José. *Genocidio na Terra Santa. Testemunho de máis de 40 anos de reportagens no Médio Oriente*. Página a Página Editora, 2025.
- ONU News_Portal dependente da ONU, apartado referido aos “xenocidios” <https://news.un.org/pt/search/genoc%C3%ADdio>
- PAPPÉ, ILAN. *Brevísima historia do conflito entre Israel e Palestina*. Galaxia, 2025.
- VVAA. *Cantos de dor e liberdade. Voces galegas por Palestina* (poesía galega por Palestina: 42 poemas e 12 ilustracións). Tempo Galiza Editora

TEXTOS COS QUE SE PODE TRABALLAR

Texto 1

«O ano en que se promulgou a Declaración dos Dereitos Humanos, o hemisferio norte estaba tan orgulloso de mostrar ao mundo para manifestar que xa tiñamos as bases morais que asegurasen que a matanza masiva de persoas e o racismo que viramos en tantos lugares serían erradicados, porque existía un consenso moral. Cando te das conta de que, ese mesmo ano, Sudáfrica promulgou a lei do apartheid e Israel exerceu a limpeza étnica de Palestina, empezas a comprender a mensaxe que, en 1948, recibiron tanto o réxime do apartheid en Sudáfrica como, o que é máis importante, o Estado sionista por parte da comunidade internacional: si, anunciamos con orgullo a Declaración dos Dereitos Humanos, pero tamén lles dicimos que a vostedes non se lles aplica. (...)»

«Israel expulsou a 36 pobos entre 1948 e 1967 dentro de Israel, Israel expulsou a 300.000 palestinos de Cisjordania e a Franxa de Gaza durante a guerra de xuño de 1967. Desde 1967 até hoxe, Israel expulsou a case 700.000 palestinos de Cisjordania e a Franxa de Gaza. E mentres falamos, Israel continúa a limpeza étnica en lugares como Maghazi, Gaza, o sur, as montañas de Hebrón, a zona do Gran Xerusalén e outros lugares de Palestina. A limpeza étnica converteuse no ADN da política israelí cara os palestinos, e empregada por centos de miles de persoas para levala a cabo, porque non se trata de limpeza étnicas masivas como en 1948, senón de limpeza étnicas graduais. Ás veces é a expulsión dunha persoa ou dunha familia, ás veces é o peche dun pobo ou o cerco da Franxa de Gaza, que tamén é unha forma de limpeza étnica, porque se creas o gueto de Gaza, non tes que incluír a eses dous millóns de palestinos dentro do balance demográfico de árabes e xudeus, porque estes palestinos non teñen voz nin voto no futuro da Palestina histórica(...)»

Ilan PAPPÉ, historiador israelí; extracto dunha intervención da universidade de Berkeley (19 de outubro de 2023)

Texto 2

Lei fundamental: Israel como a Estado-nación do pobo xudeu

A Lei Fundamental comprende 11 cláusulas:

1. Principios básicos

A Terra de Israel é a patria histórica do pobo xudeu, na que se estableceu o Estado de Israel.

O Estado de Israel é o fogar nacional do pobo xudeu, no cal se cumpre co seu dereito natural, cultural, relixioso e histórico á autodeterminación.

O dereito para exercer a autodeterminación nacional no Estado de Israel é exclusivo do pobo xudeu.

(...)

5. Regreso dos exiliados: O Estado estará aberto para a inmigración xudía e o retorno de exiliados.
6. Conexión co pobo xudeu
O Estado esforzarase por garantir a seguridade dos membros do pobo xudeu e dos seus cidadáns en problemas ou en cativeiro debido ao feito de ser xudeus ou da súa cidadanía.
O Estado actuará dentro da diáspora para fortalecer a afinidade entre o Estado e os membros do pobo xudeu.
O Estado actuará para preservar a herdanza cultural, histórica e relixiosa do pobo xudeu entre os xudeus da diáspora.
7. Asentamento xudeu: O Estado ve o desenvolvemento do asentamento xudeu como un valor nacional e actuará para alentar e promover o seu establecemento e consolidación.

NOTA: esta lei aprobada o 19 de xullo de 2018 ten rango Constitucional, e considérase unha declaración racista que define nos Principios Básicos o estado de Israel como unha etnocracia, e por tanto sitúa como cidadáns de segunda a todos aqueles que non sexan de relixión xudea. Establecendo tamén a obriga do estado a promover os asentamentos.

Texto 3

NENA DO MAR DE GAZA

*O teu cabelo de cinza Xulamita cavamos
unha foxa no ar alí non hai estreitura*

Paul Celan

onde houber leite negro da alba para beber
beber contigo o mar de gaza nos teus ollos fríos
nas concas dos teus ollos que se abren como abismos
negros coma o leite que dá o espanto
ou unha ponla de abelaira soterrada entre cascallo
metralla de lucecús estraños de lúas desprendidas
de animais atroces que gravan na noite o seu lamento
de silencios afiados coma balas de corpos destrozados
de flores chantadas canda ti en terra amarga
onde houber leite negro da alba para beber
contigo no teu riso vivo nena do mar de gaza
ou comermos o pan asmo da tristura e saber que hai primavera
e unha razón solar para facer máis vida
e envellecer a penas como gardiáns dos días
para contar a penas os días que van fuxindo
as follas que un vento leva

os viaxeiros que atravesan o camiño
e só de tarde en tarde un golpe de tenrura
beberemos leite negro na túa memoria promesa perdida
flor de gaza segada no arrauto da blasfemia
e selaremos os teus ollos coa moeda máis prezada
a rabia para quen cortou os teus cabelos de ouro
a rabia para quen cortou os teus cabelos de cinza

Poema da autoria do poeta XOSÉ MANUEL MILLÁN



Leandro Lamas